



**CONCELLO  
DE VIGO**



## **BASES DE PARTICIPACIÓN NA “VI CARREIRA POPULAR DO ENTROIDO CONCELLO DE VIGO”**

**Vigo, 23 de febreiro de 2020, domingo.**

### **PRIMEIRO.- OBXECTIVO**

A Comisión organizadora do Entroido 2020\* organiza o domingo, 23 de febreiro de 2020, a “**VI CARREIRA DO ENTROIDO 2020**” con saída e chegada na **Porta do Sol**. Dado o seu carácter festivo anímase a todas as persoas interesadas a viren disfrazadas.

A Comisión organizadora do Entroido 2020\* estará conformada por un representante dos Centros Deportivos e Culturais, un representante da Federación de Peñas El Olivo e a Concelleira delegada da Concellería de Festas e Turismo ou persoa en quen delegue.

### **SEGUNDO.- PERCORRIDO**

#### **Modalidades infantís:**

**A partir das 10:00horas – rúa do Príncipe.**

As modalidades de rapaces, nenos, pequenos e pequerrechos desenvolveranse na peonil Rúa do Príncipe: con saída e punto de encontro no final desta rúa con Praza Porta do Sol.

#### **Modalidade Absoluta:**

A carreira absoluta con saída na Porta do Sol, fará un percorrido polas rúas:

Inicio ás 11:00 horas – Itinerario: **Porta do Sol (saída), rúa Elduayen, Paseo de Alfonso XII, rúa Pi y Margall, rúa López Mora, avenida das Camelias, rúa Romil, rúa Cachamuiña, rúa Pracer, rúa Progreso, rúa Doutor Cadaval e Porta de Sol.**

\* (O seguinte percorrido poderá sufrir modificacións con motivo das obras previstas na Porta do Sol e mais na rua Elduayen).

### **TERCEIRO.- DESTINATARIOS**

Poderán participar na mesma, atletas federados e non federados; dándose unha clasificación conxunta dos mesmos.

### **CUARTO.- DISTANCIAS e HORARIOS:**

<b>SAÍDA</b>	<b>CARREIRA</b>	<b>ANOS/ IDADES</b>	<b>DISTANCIA</b>
10:00	Cadete	2005 , 2006	2400 m aprox.
10:15	Infantil	2007 , 2008	1600 m aprox.
10:30	Alevín	2009 , 2010	600 m aprox.
10:40	Benxamín	2011, 2012	250 m aprox.
10:50	Pequerrechos	2013, 2014, 2015 , 2016	60 m aprox.
11:00	Absoluta	2004 e anteriores	5 km e 10 kms aprox.



**CONCELLO  
DE VIGO**



## **QUINTO.- PREMIOS**

### ■ CARREIRA ABSOLUTA:

- Habrá un agasallo ao chegar a meta para todos aqueles que corran **disfrazados**.

Outorgaránse premios en metálico aos tres primeiros clasificados absolutos en ambos sexos: **1º Clasificado/a 300 €, 2º Clasificado/a 200 €, 3º Clasificado/a 100 €.**

Ademais entregaranse agasallos aos **tres primeiros** de cada un dos sexos **das distintas categorías** establecidas no cadro seguinte:

<b>CATEGORÍA</b>	<b>ANOS/ IDADES</b>
Xuvenil	2004, 2003
Júnior	2002, 2001
Promesa	2000, 1999, 1998
Sénior	1997 ata 39 anos
Veteranos A	entre 40 e 49 anos
Veteranos B	entre 50 e 59 anos
Veteranos C	con 60 e máis anos

Así mesmo **todos os participantes da carreira recibirán** un agasallo conmemorativo da proba ao recoller o seu dorsal, dentro da súa **bolsa de corredor**.

### ■ Na carreira absoluta 5 km:

Habrá un **agasallo** ao chegar á meta para todos aqueles que corran **disfrazados**.

Outorgarase un premio económico de **150 € ao mellor grupo/conxunto** de máis de 5 persoas (que inscribíndose como tal) corran disfrazados. Para determinar cal de tódolos grupos é o mellor a organización disporá dun xurado a pé de rúa, que valorará a orixinalidade, sintonía do grupo e graza.

Así mesmo **todos os participantes da carreira recibirán** un agasallo conmemorativo da proba ó recoller o seu dorsal, dentro da súa **bolsa de corredor**.

### ■ No resto de carreiras infantís:

Habrá premio para os 3 primeiros de cada un dos sexos nas categorías que seguen:

CATEGORÍA	ANOS/ IDADES
Cadete	2005 , 2006
Infantil	2007 , 2008
Alevín	2009 , 2010
Benxamín	2011 , 2012

Na carreira de “Pequerrechos” (2013, 2014, 2015, 2016), que terá carácter unicamente participativo, daranse medallas a tódolos participantes.



**CONCELLO  
DE VIGO**



## **SEXTO: INSCRICIÓN**

O prazo de inscrición será dende o día seguinte da publicación na prensa local e na web municipal ata o 19 de febreiro ás 24:00 horas. Tódalas inscricións realizaránse a través da web [www.laptime.es](http://www.laptime.es). A inscrición en calquera das carreiras **é gratuita**

## **SÉTIMO: RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS**

	INICIO	PECHE	LUGAR
venres 21 de febreiro	17:00	20:00	<b>Sede da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo</b> Teléfono: 886 13 96 70 Rúa do Ecuador, 34 C.P. 36203 Vigo, Pontevedra
Sábado 22 de febreiro	17:00	20:00	<b>Sede da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo</b> Teléfono: 886 13 96 70 Rúa do Ecuador, 34 C.P. 36203 Vigo, Pontevedra

## **OITAVO: SERVIZOS**

*A organización porá un servizo de asistencia, que velará pola saúde dos atletas. Contará tamén cos correspondentes seguros de Responsabilidade Civil e Accidentes, válidos durante o transcurso do evento.*

**NOVENO:** Todo corredor que non entre en meta co seu dorsal e chip correspondentes ou que incumpra as normas do presente regulamento poderá ser desclasificado.

**DÉCIMO:** Queda totalmente prohibido levar publicidade ou calquera lenda que conteña mensaxes que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou patinetes, nin persoas non inscritas na proba.

**DECIMO SEGUNDO.-** A concelleira de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

**DÉCIMO TERCEIRA.-** Os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento do carreira obxecto das presentes bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación do concurso e demais actuacións previstas nestas bases.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Festas.



**CONCELLO  
DE VIGO**



Os beneficiarios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**DÉCIMO CUARTA.**- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión derivada da aplicación dos criterios de avaliación do xurado é inapelable.

LG

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Festas, Luz María González Domínguez

Conforme,

A Concelleira de Festas e Turismo, María Carmen Lago Barreiro.